

Dona Pilar e o seu Federico

Érase unha vez unha ra chamada Pilar e o seu fillo Federico, que vivían nun pobo na beira dun estanque. Un día, Pilar foi de visita á casa da súa veciña Luísa e levoulle unhas castañas asadas.

-(Toc, toc, toc) Bo día Luísa, pasaba por diante da túa casa e preguntábame se che apetecerían unhas castañas que acabo de asar.

-Vale, pois moitas grazas, pasa e falamos un anaco, se che apetece.

-Ai, síntoo moito, pero teño que ir a buscar a Federico ó cole...

-Bueno, vale, pois se vos cadra ben vide cear esta noite que mañá é sábado e Federico non ten clase.

-Bueno, trataremos de vir, pero non cho aseguro, que Federico ten moitísimos exames.

-Xenial, pois xa falamos.

-Perfecto, ata logo...

Entón Pilar foi recoller a Federico e regresaron en barca ata a casa. Federico estivo estudando toda a tarde, xa que súa nai xa lle comentara o que ían facer á noite. Eran as oito e media, Federico xa tiña todo estudado e preparado, polo que marcharon para a casa de Luísa.

Ao chegar, Luísa acolleunos e díxolles que foran para o salón. Sentáronse no sofá mentres que Luísa preparaba unha ensalada, unha tortilla e unha bandexa con churrasco.

-A cea está lista! -exclamou Luísa-.

-Churrasco, churrasco, churrasco... -dicía Federico dando golpes na mesa-.

-Calma Federico, que imos cear todos... -explicáballe súa nai-.

Unha vez acabaran de cear viña a sobremesa.

-De sobremesa hai tiramisú acompañado dunha bola de xeados, varias pezas de froita e torta de chocolate caseira. -informou Luísa-.

-Eu quero todo menos a froita! -exclamou Federico seguro da súa decisión-.

-Federico, se queres tiramisú e torta de chocolate has de probar a froita primeiro... -Razoaba súa nai-.

-Bueno, pois vale, pero vou coller ración dobre de torta de chocolate.

-Ai meu Federico... -dicía súa nai-.

Xa tiñan todo recollido, agora ían ver unha película. Luísa trouxo as lambetadas favoritas de Federico, entón el non se separou dela en toda a película.

-Escoita, se sobran lambetadas podo levalas para a miña casa?, é que me gustan moito e miña nai xa non me quere comprar máis porque andábaas comendo todo o día. -Comentaba Federico-.

-Ei Federico, que che dixen de andar pedíndolle lambetadas á xente do barrio? -Repetíalle súa nai-.

-Ui, perdón...

Rematara a película polo que Federico e Pilar xa se ían para a súa casa. Federico foise sen as lambetadas que tanto desexaba. Chegou á casa e, a toda velocidade, puxo o pixama e meteuse na cama. Esa noite soñara con un mundo no que todo eran lambetadas.

FIN